



BOP

MARTES, 20 DE XANEIRO DE 2026

N.º 015

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: LAT 132 KV. D.C. SUB. MAGAZOS - SUB. BOIMENTE. TRAMO S.C. ENTRE A SUB. MAGAZOS E O APOIO Nº 28 (CONCELLO DE VIVEIRO)

(Expediente: IN 407 A 2020/18-ATE)

Mediante este anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar (Concello de Viveiro) para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Predio	Titular	Día	Hora
46	ELDA MARIÑO LEAL	24.03.2026	10.00 h
47	HEREDEROS DE JOSÉ LÓPEZ RUA, ANDRÉS LÓPEZ BLANCO	24.03.2026	10.30 h
51	HEREDEROS DE MANUEL FERNANDEZ DOVALE	24.03.2026	11.00 h
89	HEREDEROS DE ANTONIA Balsa ROMEO	24.03.2026	11.30 h
127	MARIA DOLORES DOCAL IGLESIAS Y ANTONIO DOCAL IGLESIAS	24.03.2026	12.00 h
163	ANTONIO DOCAL CALVO	24.03.2026	12.30 h
164			
139B			
171	VICTORIA MARTÍNEZ CORA y FRANCISCO MARTÍNEZ VIGO	24.03.2026	13.00 h
172			
173			
174			
181	VICTORIA MARTÍNEZ CORA	24.03.2026	
52	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)	24.03.2026	13.45 h
57	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
84	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
87	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DOLORES REY REY)		

91	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DOLORES REY REY)		
186	MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ ROUCO Y GERARDO VÁZQUEZ GALDO	25.03.2026	10.00 h
189			
198	GEMMA PERNAS RODRÍGUEZ, ANTONIO PERNAS RODRÍGUEZ, JAIME PERNAS RODRÍGUEZ, MANUEL PERNAS RODRÍGUEZ Y JOSEFA MARTÍNEZ NÚÑEZ	25.03.2026	10.30 h
210	ANTONIA GARCIA POLO	25.03.2026	11.00 h
219	M ^a CARMEN ALBO MON	25.03.2026	11.30 h
221			
230	JOSE ANTONIO RUBAL FERNANDEZ	25.03.2026	12.00 h
231	LUISA DEL CARMEN DOPICO PALEO	25.03.2026	12.30 h
114	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. JESUS MATINOTE CHAO)	25.03.2026	13.00 h
146	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
160	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
223	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. JESÚS DOPICO GARCÍA)		
142B	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
234	RAMON RAMOS CASABELLA	26.03.2026	10.00 h
236			
242	ILDA IGLESIAS GONZÁLEZ	26.03.2026	10.30 h
267	JESÚS RAMOS CASABELLA	26.03.2026	11.00 h
141B	JOSE SALGUEIRO ABAD	26.03.2026	11.30 h
233A	EULOGIO CASABELLA DEL RÍO	26.03.2026	12.00 h
265A	RAMÓN RAMOS CASABELLA / JESÚS RAMOS CASABELLA / MODESTO RAMOS CASABELLA	26.03.2026	12.30 h
143B	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)	26.03.2026	13.00 h
156A	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. JOSE CAO CERDEIRAS)		
163A	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. JESÚS CAZAS PRIETO)		
45D	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
45E	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 13 de xaneiro de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 0083

Anuncio

ACORDO do 26 de decembro do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello do Incio. Expediente IN407A 2024/173 ATE)

Con data 18 de setembro de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada “Reforma LMTA SAR804 no tramo entre os apoios núm. D76-36-X0 e núm. D74-36-17”, no concello do Incio

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello do Incio deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 29 de maio de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 3 de xuño de 2025, para que comparezan o día **15 de abril do 2026 no concello do Incio** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de O Incio estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 26 de decembro do 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº Predio	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
1	6	309	Lama Mia	Prado	Eliseo Toiran Fernández	15.04.26	12:00
3	7	361	Piñeiro	Prado	Manuel Losada López		10:00
6	6	196	Piñeiro	Monte Alto	María del Pilar López Díaz		10:15
8	6	187	Piñeiro	Prado	María Isabel López Pérez		10:30
11	6	455	Piñeiro	Monte Alto	Hdros de Juan Antonio Losada López		11:00
13	7	202	Barreiro	Prado	Descoñecido		12:00
20	7	154	Arrigueira	Monte Alto	Jesus López Sanmartín		11:15

25	7	161	Arrigueira	Monte Alto	Hdros de Consuelo Díaz Pérez	11:30
27	7	163	Rigueira	Monte Alto	Descoñecido	12:00
37	7	125	Cubelas	Monte Alto	Descoñecido	12:00
40	1	1423	Monteagudo	Monte Alto	Hdros de Consuelo Díaz Pérez	11:30

R. 0084

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO – ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SERVIZO DE CULTURA)

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO – ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA(SERVIZO DE CULTURA) NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2025.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico – Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no cuarto trimestre do ano 2025.

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de Aprobación
Fundación Uxío Novoneyra	G27407238	Nominativa	Rehabilitación sede para usos culturais	3340.789	15.000,00	Presidencia
Asoc. Cult. Banda e Escola da Música de Taboada Xoán Montes	G27303569	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	7.000,00	Presidencia
Asoc. Cultural y Recreativa As Fachas	G27180009	Nominativa	Celebración Festa das Fachas	3340.48900	3.000,00	Presidencia
Asoc de Veciños de Vilacha	G27145556	Nominativa	Posta en valor do castro do Castrelado	3340.48900	4.000,00	Presidencia
Asoc para a defensa ecolóxica de Galicia	G15044811	Nominativa	Funcionamento e actividades	3340.48911	10.000,00	Presidencia
Fundación Uxío Novoneyra	G27407238	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	15.000,00	Presidencia
Asoc. Cultural O Castañazo	G27367135	Nominativa	Castañazo Rock	3340.48900	15.000,00	Presidencia
Asociación Desembarco Normando	G27458348	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	6.000,00	Presidencia
Asoc. Cultural Castiñeiro Milenario	G27331743	Nominativa	Festival 27373	3340.48900	3.500,00	Presidencia
Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Nominativa	Lugo Cultural	3340.48900	20.000,00	Presidencia

Patronato do Museo do Pobo Galego	G15037195	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	15.000,00	Presidencia
Asoc de amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares	G27300052	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	5.000,00	Presidencia
Escola de Música de Antas de Ulla	G27029891	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	6.000,00	Presidencia
Asoc Músico Crisanto	G27405497	Nominativa	Gastos de xestión e actividades	3340.48900	28.000,00	Presidencia
Asoc Cultural Cántigas e Frores	G27014018	Nominativa	Actividade “Feira do 48”	3340.48900	6.000,00	Presidencia
Asoc. Juvenil y Cultural Os Turulecas do Incio	G27250927	Nominativa	Danzas da Cervela	3340.48900	3.000,00	Presidencia
Asoc Cultural Casa da Música	G27412626	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	14.000,00	Presidencia
Asoc Galega de Profes. Educ. Matemática (Agapema)	G27264266	Nominativa	Gastos da Olimpiada Matemática	3340.48900	3.000,00	Presidencia
Asoc Cultural Amigos do Folión	G27113638	Nominativa	Folión de Carros de Chantada	3340.48900	6.500,00	Presidencia
Asoc Socio Pedagóxica Galega	G15154297	Nominativa	Funcionamento e actividades	3340.48900	12.000,00	Presidencia
Xermolos	G27014885	Nominativa	Festival de Pardiñas	3340.48900	20.000,00	Presidencia
Asoc Academia Galega do Audiovisual	G15844145	Nominativa	Premio M ^a Luz Morales	3340.48900	2.000,00	Presidencia
Asoc. As San Lucas	G27438233	Nominativa	Feiras As San Lucas	3340.48900	20.000,00	Presidencia
Asoc OF Outono Fotográfico	G32479263	Nominativa	Premio de Galicia de Fotografía Contemporánea	3340.48900	3.000,00	Presidencia
Asoc. Cultural LugoPatrimonio	G27341916	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	8.000,00	Presidencia

Real Academia Galega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario	Q1568002H	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	9.000,00	Presidencia
Asoc de Escritoas e Escritores en Lingua Galega	G15039936	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	20.000,00	Presidencia
Fundación Margarita Ledo Andión	G44699916	Excepcional	Adecuación de espazo triangular para arquivo e visionado de cine	3340.789	10.000,00	Presidencia
Asoc. Escrita Creativa 1863	G42869867	Excepcional	Residencias Literarias	3340.48911	8.000,00	Presidencia
Illa Bufarda s. Coop.	F70535943	Excepcional	Altas Luces – Fotografía – Mirada – Xénero	3340.48911	6.500,00	Presidencia
Fundación Vac-An	G13669072	Excepcional	Funcionamento e actividades	3340.48911	10.000,00	Presidencia
Asoc. A Memoria é Naufraga	G72993272	Excepcional	Mostra Internacional de Cinema Portugués da Ribeira Sacra	3340.48911	5.500,00	Presidencia
Asoc de Amigos de Manuel Jorge de Chantada	G27493220	Excepcional	Rehabilitación de estruturas do Museo Manuel Jorge	3340.789	50.000,00	Xunta de Goberno
Asoc de Familiares de Enfermos de Alzheimer (AFA CHANTADA)	G27320225	Excepcional	Fotografías de tradicións para o recordo	3340.48911	8.000,00	Presidencia
Asoc. Xuvenil Xove Orquestra de Lugo	G56374432	Excepcional	Concerto de Nadal – Terceiro Aniversario da Orquestra	3340.48911	5.000,00	Presidencia
Facela Producciones	G27499417	Excepcional	Facela Fest 9	3340.48911	12.000,00	Presidencia

Lugo, 13 de xaneiro de 2026.- O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0085

ÁREA DE DE MULLER E IGUALDADE

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCÍONS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA AREA DE MULLER E IGUALDADE (SECCIÓN DE IGUALDADE) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2025

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola area de Muller e Igualdade (Sección de Igualdade) da Deputación Provincial de Lugo, no cuarto trimestre do ano 2025:

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPOS SUBVENCIÓN	OBXECTO/ACTIVIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	Nº ANOS	ORGANO DE APROBACIÓN
Muller e Igualdade	Igualdade	Asoc. de mujeres empresarias de la provincia de Lugo (AELU)	G-27105220	Nominativa	Premios Son Muller	2311.48900	3.500,00 €	1	Presidencia
Muller e Igualdade	Igualdade	Federación de AA.VV de Lugo Lucus Augusti	G-27158575	Excepcional	Sementando a igualdade	2311.48911	12.000,00 €	1	Presidencia
Muller e Igualdade	Igualdade	Asoc. Unión Trab. Autónomos Transporte o Mar e as Comunicaciones Galicia	G-70289723	Nominativa	Creando Empresa: Proxecto de Integración da Muller ao Mercado de Traballo	2311.48900	39.000,00 €	1	Presidencia
Muller e Igualdade	Igualdade	Club Piragüismo Cidade de Lugo	G27107176	Excepcional	Adquisición dunha embarcación DB10 de competición e remolque de transporte	2311.789	20.000,00 €	1	Xunta de Goberno
Muller e Igualdade	Igualdade	Ilustre Colegio Provincial de la Abogacía de Lugo	Q2763002I	Excepcional	XIII Jornadas nacionais de abogados y abogadas contra la violencia de género	2311.48911	6.000,00 €	1	Presidencia

Lugo, 15 de xaneiro de 2026.- A PRESIDENTA, P.D. Decreto de data 14-01-2026, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0092

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCÍONS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL (SECCIÓN DE BENESTAR SOCIAL) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2025

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola area de Promoción Económica e Social (Sección de Benestar Social) da Deputación Provincial de Lugo, no cuarto trimestre do ano 2025:

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBXECTO/ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV.	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc Diez Raziones	G-75837336	excepcional	1ª gala solidaria Diez Raziones	2314.48900	6.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Penitenciaria Concepción Arenal	G-27119809	excepcional	Preparando liberdades: Programa de apoio á reinserción social de persoas con trastorno por consumo de sustancias	2312.48900	23.900,00 €	1	Xunta de Goberno

Lugo, 15 de xaneiro de 2026.- A PRESIDENTA, P.D. Decreto de data 14-01-2026, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0093

CONCELLOS**BEERREÁ***Anuncio***Expediente nº: 552/2025****ASUNTO: PROCESO ORDINARIO DE SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE BECERREÁ INCLUÍDO NO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE BECERREÁ POR OPOSICIÓN LIBRE (OEP 2025).**

Con data 16 de xaneiro de 2026, dictouse Decreto da Alcaldía núm: 2026-0014, do seguinte teor literal:

“DECRETO.-

Visto o disposto nas bases para a selección de persoal funcionario aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 2025-0564 de data 11/09/2025, publicadas no BOP de Lugo núm. 226 – mércores, 1 de outubro de 2025 e convocatoria publicada no DOGA nº209, do 29 de outubro de 2025 e no BOE número 268, de venres 7 de novembro de 2025.

Visto o establecido nos artigos 134 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, os artigos 11 e 15 do Decreto 95/1991 de 10 de marzo e nos mesmos termos, 18 e 23 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo.

Visto o establecido no epígrafe 5º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por documentos que expiden ou de que entenden as Administracións ou Autoridades Locais a instancia de parte, aprobada polo Pleno do Concello en sesión de data 30/09/2003.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a selección de persoal funcionario para cubrir en propiedade unha praza de auxiliar administrativo.

Admitidos/as:

Nome e apelidos	D.N.I.	Exame de galego
SANDRA GÓMEZ DEVESA	***8902**	exent@
MARTA PEREZ MURADO	***5796**	exent@
EVA ARIAS PÉREZ	***7951**	exent@
LAURA VILA RIVAS	***5634**	exent@
ALBA MARIA AIRA TOUZON	***4545**	exent@
BELEN MARIA ENCABO GONZALEZ	***6016**	exent@
LUCIA PARRILLA DEL RIO	***3675**	exent@
ELOY SOBRIDO GARCÍA	***8557**	exent@
ALFONSO ÁLVAREZ SIXTO	***2287**	exent@
CELIA LÓPEZ GOMEZ	***7484**	exent@
LORENA BERMUDEZ TESTA	***8483**	exent@
MARÍA JOSÉ DEL RÍO CARRETE	***0496**	exent@
MARIA TERESA LOPEZ HOSPIDO	***7671**	exent@
JUAN JOSÉ CASTEDO REY	***5652**	exent@
LUCIA ARIAS MAGIDE	***5865**	exent@
NATALIA DIAZ FERNANDEZ	***1025**	exent@
IVAN VALCARCE CELA	***5289**	exent@

MARTA FERNANDEZ POMBO	***3820**	Non exent@ (Prazo de 10 días hábiles para subsanación, segundo a base 5.2 b) deberá presentarse, doc. fidedigna que acredite o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 3.
EVA HERBÓN FERNÁNDEZ	***3687**	exent@
CRISTINA LOPEZ MOSCOSO	***8334**	exent@
JUAN JOSE MARIÑO BRAVO	***9706**	exent@
MARIA TERESA RODIL FERNANDEZ	***8161**	exent@
NURIA REGUEIRA FERNÁNDEZ	***7747**	exent@
MARIA NUÑEZ PEREZ	***5854**	exent@
EVA SUAREZ POY	***4591**	Non exent@ (Prazo de 10 días hábiles para subsanación, segundo a base 5.2 b) deberá presentarse, doc. fidedigna que acredite o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 3.
NEREA MAGIDE PASARO	***8908**	exent@
MARÍA TERESA BERMUDEZ FERNÁNDEZ	***7546**	exent@
CARMEN REIMONDEZ LÓPEZ	***5449**	exent@
JESÚS FERNÁNDEZ DE ARRIBA	***7393**	exent@
IRIA MARIA PEREZ MOURIZ	***4363**	exent@
AURORA CASTRO OCHOA	***6792**	exent@
SANDRA LÓPEZ GÓMEZ	***4771**	exent@
JOSE LUIS PARDO RODRIGUEZ	***8210**	exent@
LAURA ALONSO LÓPEZ	***5644**	exent@
ANA BELEN LOPEZ MELLA	***3201**	exent@
MONICA VILANOVA LOPEZ	***3567**	exent@

Excluídos/as: Nigún/Unha

SEGUNDO.- Elevar a lista a definitiva non habendo aspirantes excluídos, e dando un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao de publicación desta resolución no BOP, para emendar a base 5.2 b) aos aspirantes indicados, co seguinte alcance:

Nome e apelidos	D.N.I.	Exame de galego
SANDRA GÓMEZ DEVESA	***8902**	exent@
MARTA PEREZ MURADO	***5796**	exent@
EVA ARIAS PÉREZ	***7951**	exent@
LAURA VILA RIVAS	***5634**	exent@
ALBA MARIA AIRA TOUZON	***4545**	exent@
BELEN MARIA ENCABO GONZALEZ	***6016**	exent@
LUCIA PARRILLA DEL RIO	***3675**	exent@
ELOY SOBRIDO GARCÍA	***8557**	exent@
ALFONSO ÁLVAREZ SIXTO	***2287**	exent@

CELIA LÓPEZ GOMEZ	***7484**	exent@
LORENA BERMUDEZ TESTA	***8483**	exent@
MARÍA JOSÉ DEL RÍO CARRETE	***0496**	exent@
MARIA TERESA LOPEZ HOSPIDO	***7671**	exent@
JUAN JOSÉ CASTEDO REY	***5652**	exent@
LUCIA ARIAS MAGIDE	***5865**	exent@
NATALIA DIAZ FERNANDEZ	***1025**	exent@
IVAN VALCARCE CELA	***5289**	exent@
MARTA FERNANDEZ POMBO	***3820**	Non exent@ (Prazo de 10 días hábiles para subsanación, segundo a base 5.2 b) deberá presentarse, doc. fidedigna que acredite o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 3.
EVA HERBÓN FERNÁNDEZ	***3687**	exent@
CRISTINA LOPEZ MOSCOSO	***8334**	exent@
JUAN JOSE MARIÑO BRAVO	***9706**	exent@
MARIA TERESA RODIL FERNANDEZ	***8161**	exent@
NURIA REGUEIRA FERNÁNDEZ	***7747**	exent@
MARIA NUÑEZ PEREZ	***5854**	exent@
EVA SUAREZ POY	***4591**	Non exent@ (Prazo de 10 días hábiles para subsanación, segundo a base 5.2 b) deberá presentarse, doc. fidedigna que acredite o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 3.
NEREA MAGIDE PASARO	***8908**	exent@
MARÍA TERESA BERMUDEZ FERNÁNDEZ	***7546**	exent@
CARMEN REIMONDEZ LÓPEZ	***5449**	exent@
JESÚS FERNÁNDEZ DE ARRIBA	***7393**	exent@
IRIA MARIA PEREZ MOURIZ	***4363**	exent@
AURORA CASTRO OCHOA	***6792**	exent@
SANDRA LÓPEZ GÓMEZ	***4771**	exent@
JOSE LUIS PARDO RODRIGUEZ	***8210**	exent@
LAURA ALONSO LÓPEZ	***5644**	exent@
ANA BELEN LOPEZ MELLA	***3201**	exent@
MONICA VILANOVA LOPEZ	***3567**	exent@

TERCEIRO.- Designar o seguinte Tribunal cualificador:

PRESIDENTE

Titular: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

Suplente: Dona Mónica Giménez López, Letrada asesora do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO

Titular: Dona Carolina Isabel Fernández Lago, Secretaria-Inteventora do Concello de Becerreá.

Suplente: Don David Criado Taboada, Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Agolada e Santiso.

1º VOGAL

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: Don Luis Ramón Vázquez Parga, Interventor Xeral do Concello de Lugo.

2º VOGAL

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil, Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

Suplente: Dona María Belén López López, Secretaria-Inteventora do Concello de A Pastoriza.

3 VOGAL

Titular: Dona María del Pilar Pérez López, Administrativa do Concello de Becerreá.

Suplente: Dona Rocio López Pérez, Administrativa do Concello de Becerreá.

CUARTO.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o 10 de febrero de 2026 ás 10:00 horas na Casa do Concello de Becerreá, para a súa constitución.

QUINTO.- Convocar aos aspirantes admitidos o martes día 10 de febrero de 2026 ás 12:00 horas no Telecentro de Becerreá sito na Rúa Valgamarín s/n-Becerreá, para o desenvolto do primeiro exercicio, e proba de galego para os candidatos non exentos, en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

SEXTO.- Publicar no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica a presente resolución na que consta as lista definitiva dos aspirantes admitidos/as e excluídos/as, aos efectos oportunos, e a data de convocatoria para o primeiro exame e proba de galego.

Esta resolución expoñerase no Tablón de Anuncios do Concello, na súa sede electrónica e publicarase no BOP, relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa de exclusión. Os excluídos disporán do prazo de dez días hábiles a efectos de reclamacións ou corrección das deficiencias sinaladas.

Ordénao e asínao electrónicamente o Sr Alcalde.”

Becerreá, 16 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0106

BEGONTE*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón anual de Ximnasia Rítmica de 2026, correspondente ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2025/2026, por un importe total de 1.851,00€.

O padrón quedarán exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 14 de xaneiro de 2026.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0086

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2026

Aprobado inicialmente o orzamento xeral do Concello de Guitiriz para o exercicio 2026, comprensivo aquel do orzamento xeral, da bases de execución e do cadro de persoal funcionario e laboral, en sesión celebrada o 4 de decembro de 2025, resoltas as alegacións presentas na sesión plenaria do 15 de xaneiro de 2026 e aprobado definitivamente o orzamento xeral e o cadro de persoal do exercicio 2026 conformidade co artigo 169 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, se publica o resume do mesmo por capítulo e o cadro de persoal:

Capítulo	GASTOS		Capítulo	INGRESOS	
1	Gastos de persoal	2.866.222,37	1	Impostos directos	1.494.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	2.695.550,00	2	Impostos indirectos	100.000,00
3	Gastos financeiros	17.500,00	3	Taxas e outros ingresos	1.113.585,99
4	Transferencias correntes	81.800,00	4	Transferencias correntes	307.100,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	20.000,00	5	Ingresos patrimoniais	0,00
6	Investimentos reais	95.392,74	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	22.900,00	7	Transferencias de capital	45.779,12
8	Activos financeiros	12.500,00	8	Activos financeiros	12.500,00
9	Pasivos financeiros	25.000,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	5.836.865,11		TOTAL	5.836.865,11

CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE GUITIRIZ. AÑO 2026

I) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO					
1.1 ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Secretaría	Secretaría (Categoría Entrada)	A1	28	1	0
Intervención	Intervención-Tesourería (Categoría Entrada)	A1	28	1	0
1.2 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Técnico Medio Xestión Económica	Xestión	A2	22	1	1
Técnico/a de Emprego	Técnica	A1/A2	24	1	0
Administrativo/a	Administrativa	C1	18	6	3
Conserxe colegio e instalacións municipais	Subalterno	AP s Tit	14	1	0
Conserxe instalacións municipais	Subalterno	AP s Tit	14	2	1
Auxiliar Administrativo/a	Auxiliar	C2	14	1	0

1.3 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Policía	Servizos Especiais	C1	16	2	1
Arquitecta técnica municipal	Técnica	A2	24	1	0
Técnico Medio Ambiente	Técnica	A1	24	1	0
Encargado de Obras	Servizos Especiais	C2	14	1	0

II) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL FIXO		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Traballadora Social	1	0
Limpiadoras	4	1
Peón servizos	1	0
Peón tractorista	1	1
Técnica Medio Encargada PAI	1	0
Monitor Deportes- Encargado	1	0
Brigada Verde – Peón Coordinador	1	0
Brigada Verde – Peón	8	3
Auxiliar Axuda no Fogar	28	4
Peón de SSMM	4	0
Traballador/a Social SAF	2	1
Auxiliar xeriatría CD	4	2
Cociñeiro/a	1	0
Técnico/a Turismo	1	0
Técnico/a Medio PAI	4	2
Terapeuta ocupacional CD	1	0

III) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL INDEFINIDO		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Técnico/a educación familiar	1	0

IV) PERSOAL EVENTUAL		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Coordinador de áreas.	1	0

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso – Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas

Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazo que establecen as normas de dita Xurisdición.

Guitiriz, 15 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0094

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

CONVOCATORIA DOS PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN PARA UN/UNHA (1) PEÓN/PEOA CONDUTOR/A, UN/UNHA (1) TRACTORISTA E UN/UNHA (1) PEÓN/PEOA DE XARDINERÍA, Ó ABEIRO DO PROGRAMA “REFORZO DO EMPREGO 2025” DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

- PEÓN/PEOA CONDUTOR/A

Nº POSTOS: 1

CARÁCTER DO CONTRATO: LABORAL TEMPORAL

DURACIÓN: 6 MESES.

- TRACTORISTA

Nº POSTOS: 1

CARÁCTER DO CONTRATO: LABORAL TEMPORAL

DURACIÓN: 6 MESES.

- PEÓN/PEOA DE XARDINERÍA

Nº POSTOS: 1

CARÁCTER DO CONTRATO: LABORAL TEMPORAL

DURACIÓN: 6 MESES.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Navia de Suarna ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ó do Concello de Navia de Suarna deberá adiantarse por e-mail copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (concello.naviadesuarna@eidolocal.es). As solicitudes dirixiranse ó Sr. Alcalde, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Sistema de selección: Concurso-oposición, segundo o establecido nas bases que se poden consultar no taboleiro municipal de anuncios do Concello de Navia de Suarna e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>), e na web da Deputación Provincial de Lugo.

Lista de reserva: Estableceranse unhas listas de reserva co fin de asegurar as coberturas destes postos, caso de que se produzan renuncias dos/as aspirantes seleccionados ou calqueira outra circunstancia antes da formalización do contrato e tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración destas contratacións.

Navia de Suarna, 16 de xaneiro de 2026.- O alcalde, José Fernández Fernández.

R. 0107

PALAS DE REI

Anuncio

Expediente 1291/2025. Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

Aprobación provisional: Concello pleno, o 30/10/2025.

Publicación a aprobación provisional: BOP Lugo nº 258, do 10/11/2025.

Regulación legal: artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Efectos: transcorrido o prazo sen que se teñan presentado reclamacións, considérase aprobada definitivamente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

ORDENANZA FISCAL Nº 17 REGULADORA DE LA TAXA PO LA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Palas de Rei, establece a taxa pola prestación do servizo municipal de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, a que se refire o artigo 20.4 r) do expresado Real Decreto Lexislativo

ARTIGO 2.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa:

- a).- A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros.
- b).- A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede municipal de sumidoiros e o seu tratamento para depuralas se os vertidos se realizan a través da acometida á rede desde un inmovible.
- c).- A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede municipal de sumidoiros e o seu tratamento para depuralas se os vertidos se realizan a través da acometida á rede desde un depósito móbil.

2.- Non estarán suxeitas ás taxas as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria nos casos seguintes:

- a).- Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, o promotor, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.
- b).- No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios dos mencionados servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.
- c).- No caso de prestación de servizos do número 1.c) do artigo anterior, os que efectúen os vertidos.

2.- En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo o substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmoables, nestes poderán repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4.- Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38, 39 e 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- Cota Tributaria.

A cota esixirase de conformidade coas seguintes tarifas (IVE non incluído):

A) Aboados con subministración de auga potable para os metros cúbicos facturados en abastecemento de auga: 0,486 euros/m³.

B) Aboados sen subministración de auga potable. Cota fixa:

- Vivendas familiares: 22,78 euros/ab. trimestre
- Comerciais: 22,78 euros/ab. trimestre
- Industriais e obras: 42,60 euros/ab. trimestre.

C) Aboados con consumos en abastecemento de procedencia total ou parcial distinta á rede municipal:

Aquelas actividades económicas ou industriais que nos seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de saneamento un caudal superior ao consumido da rede, instalarán ao seu cargo aparatos para a medida do caudal vertido á rede de saneamento; dita medición servirá de base para a facturación do servizo por depuración de augas residuais.

De mutuo acordo entre Empresa e Concesionaria do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos de facturación.

A facturación será de acordo á seguinte tarifa:

Mínimo: 45 m³/ab. trimestre: 0,480 €/m³

Exceso: máis de 45 m³/ab. trimestre: 0,480 €/m³

D) Acometidas de saneamento para unha lonxitude máxima de 5 metros

- Gabia en terra: 485,32 euros/ud.

- Gabia en asfalto: 532,46 euros/ud.

- Gabia en beirarrúa: 592,30 euros/ud.

Tódalas contías tributarias veranse gravadas co IVE correspondente.

ARTIGO 6.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención ou bonificación algunha.

ARTIGO 7.- Devengo.

1.- Cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, entendéndose esta iniciada:

a).- Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida ou de vertido esporádico sen enganche á rede, se o suxeito pasivo a formulara expresamente

b).- Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede municipal de sumidoiros ou o vertido efectivo no suposto recollido no apartado 1 c) do artigo 2. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza pertinente e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que pode instruírse para a súa autorización.

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración, son de carácter obrigatorio para tódalas fincas do municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

ARTIGO 8.- Declaración, liquidación e ingreso.

1.- Os propietarios de edificios e vivendas ou, se é o caso, os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.

2.- Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produza variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

3.- Tratándose de inmobles que non dispoñen de servizo domiciliario de auga, as altas serán efectivas no mesmo ano en que se produzan e as baixas, no ano seguinte a aquel no que se declaren. Unhas e outras deberán ser postas en coñecemento da oficina xestora da taxa dentro dos quince días seguintes a aquel no que se produzan.

4.- No caso de inmobles de nova construción, os promotores, ó mesmo tempo que solicitan a licenza de obras, instarán tamén a autorización para realiza-las obras de acometida á rede xeral de sumidoiros, acompañando un xustificante de ter pagado a cota de acometida correspondente.

5.- Os propietarios, usufrutuarios ou titulares de dominio útil dos inmobles que non sexan de nova construción, interesados na concesión de licenza de acometida á rede de sumidoiros, están obrigados a presenta-la correspondente solicitude de acometida, achegando o xustificante de pago.

6.- Si se realiza a acometida sen mediar solicitude, procederase a practica-la liquidación, esixindo o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente de sanción.

7.- As solicitudes de baixas serán de efecto a partir do semestre seguinte ó da súa presentación.

8.- Unha vez autorizada a acometida, o cobro da taxa realizarase trimestralmente, conxuntamente có da taxa por subministración de auga, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa aprobación do correspondente padrón aprobado polo órgano competente.

ARTIGO 9.- Infraccións e sancións:

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lles corresponden en cada caso, atenderase ó que se dispoña nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos.

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia.

O Alcalde será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicárase ás empresas adxudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

DISPOSICIÓN FINAL: Unha vez a que se publique integramente o texto da presente Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia entrará en vigor, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Palas de Rei, 14 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0087

*Anuncio***Expediente 1290/2025. Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de abastecemento de auga.**

Aprobación provisional: Concello pleno, o 30/10/2025.

Publicación do anuncio no BOP Lugo do 10/11/2025

Regulación legal: artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Efectos: transcorrido o prazo sen que se teñan presentado reclamacións, considérase aprobada definitivamente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo servizo de abastecemento de auga.

ORDENANZA FISCAL N° 16 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.**Artigo 1°.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Palas de Rei, establece a taxa pola prestación do servizo municipal de abastecemento de auga, a que se refire o artigo 20.4 t) do expresado Real Decreto Lexislativo

Artigo 2°.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a subministración de auga, nos termos especificados nas tarifas contidas no artigo 6° da presente ordenanza.

Artigo 3°.- Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que se beneficien dos servizos ou actividades que constitúen o feito imponible da taxa.

2. Cando a subministración de auga beneficie ou afecte ós ocupantes de vivendas ou locais, terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios de ditos inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 4°.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción das súas respectivas participacións das obrigas tributarias das mencionadas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaran os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.

b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.

c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cese.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Beneficios fiscais.

Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes (I.V.E. non incluído):

Epígrafe 1. Vivendas familiares. Tarifas:

1.1 Mínimo de consumo 45 m³/ab. Trim.: 0,597 euros/m³.

1.2 Exceso: 0,648 euros/m³.

Epígrafe 2. Comerciais:

2.1 Mínimo de consumo 45 m³/ab. Trim.: 0.597 euros/m³.

2.2 Exceso: 0,648 euros/m³.

Epígrafe 3. Industriais e obras:

3.1 Mínimo de consumo 45 m³/ab. Trim: 0,684 euros/m³.

3.2 Exceso: 0,738 euros/m³.

Epígrafe 4.

4.1. Cotas de conservación de acometidas de abastecemento: 0,369 euros/hab.mes

4.1.- Cotas de conservación de telecontadores: 0,707 euros /hab.Mes.

Epígrafe 5. Acometidas.

Establécense diferentes prezos dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabía (euros) para lonxitudes de ata 5 metros:

Diámetro Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-beirarrúa (C)
3/4"	251,55	323,81	385,64
1"	273,77	345,47	406,53
1 1/2"	328,09	401,78	462,88
2"	391,91	462,88	524,70

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 metros:

Acometidas de más de 5 m	Incremento euros/m (A)	Incremento euros/m (B)	Incremento euros/m (C)
3/4"	12,25	27,05	32,54
1"	14,36	29,19	34,51
1 1/2"	20,50	35,30	40,68
2"	34,41	49,19	54,67

Epígrafe 6. Telecontadores.

6.1 Instalación de telecontadores Ø (15/20 mm) en batería o similar.

- Contadores
- Válvula antiretorno

- Piezas de conexión

Prezo contador instalado

- | | | |
|----------------|----------|-------------|
| a) contador de | 13/15 mm | 154,00 €/ud |
| b) contador de | 20mm | 180,82 €/ud |

6.2 Instalación de contadores de diámetro superior a 20 mm: farase presuposto para cada caso.

6.3 Tarifa de telecontadores (sen colocación), tarifa:

Ø mm	Euros por unidade (sen colocación)
------	---------------------------------------

15	125,00
20	152,40
25	219,84
30	512,00
40	698,20
50	784,00
65	825,40

Epígrafe 7. Desprecintado de contador: 23,56 euros/unidade.

Epígrafe 8. Conexión a rede de abastecemento e precintado de racores non colocados polo persoal do servizo: 23,56 euros/unidade.

Epígrafe 9. Comprobación do contador, a petición do abonado, con contador patrón: 23,56 €/unidade.

Artigo 7º.- Devengo e período impositivo.

A taxa devengarase cando se presente a solicitude que inicie a prestación do servizo pertinente, que non se realizará sen que se efectuara o pago correspondente.

O período impositivo por subministración de auga será por trimestres naturais.

Artigo 8º.- Réxime de declaración e ingreso.

Unha vez autorizada a conexión a rede municipal de subministración de auga ou o cambio de titularidade, o suxeito pasivo deberá practicar a declaración-liquidación (auto liquidación) conforme o sinalado na presente ordenanza. A taxa por subministración liquidarase trimestralmente mediante o correspondente padrón de auga aprobado polo órgano competente.

O cobro por subministro de auga realizarase mediante domiciliación bancaria, que é obrigatoria para tódolos abonados ó servizo. Debendo en todo caso facer efectiva a súa débeda dentro do prazo comprendido desde o día en que se inicie a xestión do cobro a través da entidade bancaria colaboradora ata o último día do mes seguinte. As cotas non satisfeitas no período citado esixiranse mediante o procedemento de constrinximento e na forma determinada nesta ordenanza.

Artigo 9º.- Notificacións das taxas.

A taxa de períodos sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

Xestión de cobros ós aboados morosos: 5,36 euros/unidade, en concepto de gastos ocasionados pola comunicación certificada dos recibos pendentes de pago.

Tódalas contías tributarias veranse gravadas polo I.V.E. correspondente.

Artigo 10º.- Infraccións e sancións.

O Concello, seguindo procedemento establecido e dentro dos prazos outorgados para este caso, suspenderá a subministración:

- a) Cando por parte do abonado fora negada ou entorpecida reiteradamente a entrada no domicilio ó persoal encargado da lectura dos contadores.

b) Cando non se pagara o importe dun trimestre pola subministración de auga. Todo isto sen prexuízo da súa esixencia mediante o procedemento de constrinximento.

En todo o demais, as infraccións e sancións en materia tributaria rexéronse polo disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Primeira. Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia. O Alcalde será o competente para establecer procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicárase ás empresas adxudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Delegación.

Delégase na Xunta de Goberno Local a aprobación da modificación das tarifas por aplicación do IPC publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

DISPOSICIÓN FINAL

Unha vez que se efectúe a publicación do texto íntegro da presente ordenanza no Boletín Oficial da Provincia entrará en vigor, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.”

Palas de Rei, 14 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0088

RÁBADE

Anuncio

Elevado a definitivo, por non seren presentadas reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 12 de novembro de 2025, no que se aprobou inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais e deportivos no Concello de Rábade, e de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS E DEPORTIVOS

Artigo 1.º -Fundamento.

De conformidade co previsto no artigo 41, en relación co 127, ámbolos dous do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais normativa concordante de aplicación este Concello establece o prezo público pola prestación de servizos culturais e deportivos polo Concello de Rábade.

Artigo 2.º -Concepto.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe un ingreso de dereito público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten os servizos culturais e deportivos prestados polo Concello de Rábade.

Artigo 3.º -Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos deportivos e culturais municipais prestados polo Concello e especificados no artigo 4.º da presente ordenanza.

Artigo 4.º -Tarifas.

4.1. Escolas deportivas (menores de idade):

- Tarifa primeira escola deportiva: 13 €/mes.

- Segunda escola e sucesivas: 10 €/mes.

4.2. Escolas de adultos:

- Tarifa primeira escola deportiva: 15 €/mes.

- Segunda escola e sucesivas: 12 €/mes.

4.3. Cursos, clases e obradoiros organizados polo Concello:

A proposta do prezo das matrículas será realizada polos Servizos municipais de cultura e deporte correspondendo á Alcaldía, previo informe de intervención, a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada.

4.4. Viaxes organizados polo Concello:

O prezo será fixado pola Alcaldía de xeito que, polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do mesmo. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico do Servizo correspondente, o Alcalde poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

4.5. Campamentos urbanos e similares:

A proposta do prezo das matrículas será realizada polos Servizos municipais de cultura e deporte correspondendo á Alcaldía, previo informe de intervención, a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada.

No caso de campamentos en oferta concertada coa Xunta de Galicia, os matriculados deberán satisfacer os prezos públicos fixados pola administración autonómica.

4.6. Entrada a espectáculos, obras de teatro, actuacións musicais e similares nos centros socio culturais, organizados polo Concello:

O prezo será fixado pola Alcaldía de xeito que, polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do mesmo. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico do Servizo correspondente, pola Alcaldía poderá fixarse un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

4.7. Venda de libros, publicacións e artigos conmemorativos:

O prezo será fixado pola Alcaldía de xeito que, polo número de exemplares, se cubra o custo total da súa edición ou fabricación. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico do Servizo correspondente, pola Alcaldía poderá fixarse un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

Artigo 5º. Bonificacións.

1. Aplicarase unha bonificación do 50% sobre os prezos establecidos respecto aos alumnos que acrediten a súa pertenza a familia numerosa.
2. No caso de matriculación simultánea de dous irmáns nas escolas deportivas municipais sen que pertencen a familia numerosa, resultará bonificada a cuota mensual da primeira escola deportiva na que se matricule o irmán menor, quedando establecida na cantidade de 8 €/mes.
3. As anteriores bonificacións non serán aplicables as escolas de adultos.
4. Establecese unha bonificación a favor de persoas xubiladas maiores de 65 anos ou persoas en situación de desemprego para a primeira escola de adultos, quedando establecida na cantidade de 13 €/mes.
5. As bonificacións anteriores non serán acumulables, debendo o alumno acreditar a concorrencia das circunstancias anteriores ao formalizar a correspondente matrícula.

Artigo 6º -Normas de xestión.

1. A obriga do pagamento do prezo público xurde desde que se inicia a prestación do servizo deportivo ou cultural enumerado no artigo anterior. Sen embargo, o Concello, de conformidade coa habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, poderá esixir o depósito previo do seu importe total.
2. O ingreso do prezo público farase en calquera das entidades bancarias nas que o Concello ten conta aberta. Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado o correspondente prezo público. No caso das escolas deportivas e escolas de adultos coa solicitude de matrícula deberá incluírse o número de conta bancaria no que serán aboados os recibos (domiciliación bancaria). O pagamento realizarase por trimestre anticipado dentro dos dez primeiros días do inicio de trimestre. Unha vez realizada a matrícula, enténdese formalizada por curso completo, sen prexuízo da presentación da baixa salvo a presentación de baixa que deberá presentarse por rexistro con unha antelación mínima de 15 días antes do inicio do seguinte trimestre. A falta de pagamento dun trimestre implicará a baixa automática nas Escolas Deportivas Municipais do Concello de Rábade.
3. Cando por causas non imputables ao obrigado do pagamento do prezo, non se preste o servizo, procederá a devolución do importe correspondente.

4. No caso de existir varias solicitudes coincidentes e estas superen o número de prazas existentes para cada actividade darase preferencia, en condicións de igualdade, aos particulares empadroados no Concello de Rábade, aos matriculados en centros educativos sitos en Rábade que acrediten a súa participación nas actividades culturais e deportivas municipais en anos anteriores e, no seu caso, ás entidades que teñan a súa sede social no Concello. Os estudos en centros educativos de Rábade acreditarase mediante certificación expedida polo centro correspondente, que se axuntará coa solicitude.

5. En casos excepcionais a Alcaldía, de oficio ou a petición do interesado poderá acordar a exención total ou parcial das tarifas expostas para casos de emerxencia social, acreditados polos servizos sociais do Concello de Rábade mediante informe social no que se faga constar a dificultade económica para acceder ao servizo.

6. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento de constrinximento.

Disposición derradeira

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres no se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Contra o referido acordo, que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdición.

Rábade, 13 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 0089

Anuncio

Non sendo presentadas reclamacións durante o prazo de exposición ao público do acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 12 de novembro de 2025, polo que se aprobou inicialmente a derogación do regulamento do rexistro municipal de parellas de feito do Concello de Rábade publicado no Boletín Oficial da Provincia o 5 de setembro de 2002, e en cumprimento do disposto nos artigos 40 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, elevase a definitivo o acordo antes referido.

Contra o referido acordo, que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdición.

Rábade, 13 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 0090

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 30 de decembro de 2025 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **SETEMBRO-OUTUBRO 2025**, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado regulamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012)

Ribadeo, 30 de decembro de 2025.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0091

O VALDOURO

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 5 de novembro de 2025, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do ximnasio municipal do Concello de O Valadouro .

Téndose publicado o anuncio de exposición pública por un prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 261, de 13 de novembro de 2025, sen que durante o referido prazo se houbera formulado reclamación algunha, de conformidade co preceptuado no artigo 17.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata agora provisional. Finalmente, de conformidade co preceptuado nos artigos 17.4, 18 e 19.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, procédese á publicación do texto definitivo, podendo os interesados interpoñer contra o acordo de aprobación definitiva recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses, os cales se computarán dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O Valadouro, 15 de xaneiro de 2025.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO XIMNASIO MUNICIPAL.

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

O Concello de O Valadouro, conforme ó disposto no artigo 106.1 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e facendo uso das facultades que lle atribue o artigo 15.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e conforme ó previsto no artigo 20 do mesmo, acorda o establecemento da taxa pola prestación do servizo de Ximnasio Municipal.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa o aproveitamento especial ou a utilización privativa das instalacións do ximnasio municipal ou , no seu caso, pola petición de servizos que estén establecidos en ditas instalacións xa sexa mediante a utilización individualizada ou de forma concertada mediante a solicitude de abonos, dacordo co previsto na letra o) do apartado 4 do artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 3. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten ser beneficiarias ou afectadas polo servizo que presta a entidade local nas instalacións do Ximnasio Municipal.

Artigo 4. Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41.1 e 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5. Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a prestación do servizo de utilización das instalacións do ximnasio municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada a prestación no momento de presentar a oportuna solicitude.

Artigo 6.- Beneficios fiscais.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

Non obstante o disposto no apartado anterior, esta Ordenanza, contén tarifas reducidas aplicables cando os suxeitos pasivos acrediten as condicións sinaladas para a súa aplicación.

Artigo 7. Cota tributaria.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa resultante da aplicación das tarifas que se detallan:

1.- Tarifas por entrada no Ximnasio municipal:

Todos os usuarios: 2,00 euros/día.

2.- Tarifas de bonos mensuais:

Todos os usuarios: 15,00 euros/mes.

Abono familiar: 15,00 euros/mes/persoas, aplicándose un desconto do 10% a cada membro da unidade familiar.

A estes efectos:

- a) Por unidade familiar, a efectos de desfrute do abono familiar, enténdese a integrada polos cónxuxes ou persoas vinculadas por unión de feito recoñecida e inscrita no rexistro oficial correspondente así como os fillos que convivan cos pais.
- b) Os abonos son persoais e en ningún caso poderán acceder ás instalacións con abonos outras persoas que non sexan titulares dos mesmos.
- c) A tarxeta de aboado deberá levarse sempre que se queira facer uso das instalación e debe mostrarse cando o solicite o persoal de control.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa resultante da aplicación das tarifas que se detallan:

1.- Tarifas por entrada no Ximnasio municipal:

Todos os usuarios: 2,00 euros/día.

2.- Tarifas de bonos mensuais:

Todos os usuarios: 15,00 euros/mes.

Abono familiar: 15,00 euros/mes/persoas, aplicándose un desconto do 10% a cada membro da unidade familiar.

A estes efectos:

- d) Por unidade familiar, a efectos de desfrute do abono familiar, enténdese a integrada polos cónxuxes ou persoas vinculadas por unión de feito recoñecida e inscrita no rexistro oficial correspondente así como os fillos que convivan cos pais.
- e) Os abonos son persoais e en ningún caso poderán acceder ás instalacións con abonos outras persoas que non sexan titulares dos mesmos.
- f) A tarxeta de aboado deberá levarse sempre que se queira facer uso das instalación e debe mostrarse cando o solicite o persoal de control.

Artigo 8. Xestión, Declaración e Ingreso.

A inscrición nas diferentes actividades ofrecidas polo Concello así como a expedición dos diferentes abonos serán realizadas nas oficinas municipais do Concello en horario de atención ó público.

A recadación da taxa efectuarase do seguinte modo:

- No caso de entradas diarias: mediante ingreso directo no ximnasio, simultaneamente coa utilización das instalacións, polo que se expedirá o correspondente xustificante de ingreso.

- No caso de abonos mensuais: os aboados deberán facer a correspondente solicitude nas oficinas do Concello e liquidar mensualmente a correspondente taxa dentro dos primeiros cinco días do mes mediante ingreso directo nas oficinas municipais, domiciliación bancaria ou ingreso nas contas bancarias que o Concello habilite ó efecto.

Artigo 9.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e disposicións que a complementen e a desenrolen.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

A presente Ordenanza Fiscal deroga a ordenanza reguladora da Taxa pola prestación de servizos en instalación deportivas publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 100 de data 3 de maio de 2018.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicado o texto definitivo da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2026, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán

interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

O Valadouro, 15 de xaneiro de 2026.- O alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 0108

VIVEIRO

Anuncio

D^a. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Vista a publicación no BOP de Lugo n.º 127 do 04 de xuño de 2022, da convocatoria do proceso selectivo de persoal ao obxecto de integrar as listas de substitutos e interinos para impartir a docencia no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“PROFESOR/A DE COMPOSICIÓN”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“PROFESOR/A DE COMPOSICIÓN”** funcionario de carreira.

Tendo en conta a proposta do Tribunal data 04 de outubro de 2024, na que literalmente di:“(...)D) **ORDE DE ASPIRANTES NON SELECCIONADOS (Base Xeral 14.3)**

Á vista do establecido na Base Xeral 14.3 o Tribunal, por unanimidade propón establecer a seguinte orde de aspirantes presentados e baremados que non resultaron seleccionados, para a súa incorporación nunha lista de emprego co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, segundo se establece nas presentes bases.

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	ÁLVAREZ GÓMEZ BRUNO	20,660
2	GOBERNA GARCÍA PATRICIA	9,220

O Tribunal eleva esta proposta á Alcaldía, no seu caso, para a súa Resolución de aprobación e publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es, no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia...

Tendo en conta a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do Tribunal como lista de emprego de data 09 de outubro de 2024 (publicada no BOP de Lugo nº 242 do 19 de outubro de 2024), ao abeiro das Bases Xerais e específicas da convocatoria dos procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“PROFESOR/A DE COMPOSICIÓN”** funcionario de carreira.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Decretar por orde de prelación, a aplicación a partir da data da presente resolución a lista de emprego de **“PROFESOR/A DE COMPOSICIÓN”** da Resolución de Alcaldía de data 09 de outubro de 2024 e publicada no BOP de Lugo nº 242 do 19 de outubro de 2024, na que se aprobou a lista de emprego correspondente ao proceso selectivo de estabilización para a cobertura de unha praza de **“PROFESOR/A DE COMPOSICIÓN”** funcionario de carreira. En segundo lugar aplicarase a lista de substitutos e interinos para impartir a docencia no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro, publicada no BOP de Lugo nº 127 do 04 de xuño de 2022.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal.

Mándoo e asínoo en Viveiro. Ante min, a secretaria xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D.ª María Luz Balsa Rábade

Viveiro, 17 de decembro de 2025.- A alcaldesa, D.ª María Carmen Gueimunde González.

R. 0053

Anuncio

D.ª MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o convenio de cooperación da xunta cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, asinado con este Concello.

Visto o Diario Oficial de Galicia N.º 125 de data 02 de xullo de 2025, no que se publica a Orde do 26 de xuño 2025, pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por oposición libre (código de procedemento PR461B) e o proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461D) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría da policía.

Visto o Boletín Oficial do Estado N.º 160 de data 04 de xullo de 2025, no que se publica Resolución de 2 de xullo de 2025, da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se publica a convocatoria do proceso selectivo de acceso por oposición libre e provisión por mobilidade, nos Corpos da Policía Local de Galicia, Escala Básica, categoría de Policía.

Visto o Diario Oficial de Galicia N.º 145 de data 31 de xullo de 2025, no que se publica a Orde do 29 de xullo de 2025 pola que se modifica Orde do 26 de xuño 2025, pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por oposición libre (código de procedemento PR461B) e o proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461D) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría da policía.

Visto o Boletín Oficial do Estado N.º 184 de data 01 de agosto de 2025, no que se publica Resolución de 31 de xullo de 2025, da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se publica a modificación da convocatoria do proceso selectivo de acceso por oposición libre e provisión por mobilidade, nos Corpos da Policía Local de Galicia, Escala Básica, categoría de Policía.

Vista a comunicación da Academia Galega de Seguridade Pública, con número de rexistro neste Concello 2025-E-RC-10213, na que se nos indica que a persoa que habendo superado o referido proceso selectivo convocado é, D. Brais Castro Gómez, informando, aos efectos do seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas no Corpo de Policía Local e indicando que o curso selectivo comeza o día 02 de xaneiro de 2026.

Visto o informe de data 10 de decembro de 2025 emitido polo responsable do departamento de persoal do Concello de Viveiro, que consta no expediente.

Tendo en conta que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear funcionario en prácticas da Escala de Administración Especial, Subescala Servicios Especiales, clase Policía Local, Escala básica, categoría Policía (AS2-/167), a D. Brais Castro Gómez, segundo a comunicación da Escola Galega de Seguridade, e con efectos do 02 de xaneiro de 2026, data na que comenzará o curso selectivo de formación, manténdose nesta situación consonte ás datas establecidas no DOG de 11 de novembro de 2025.

SEGUNDO.- Establecer como retribucións a percibir polos funcionarios en prácticas, as estipuladas no Real Decreto 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas e Real Decreto-Lei de 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraia e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social, artigo 6 (incremento 2%+0,5% IPCA) e tendo en conta a cotización para supostos especiais regulada no artigo 32.2 de Orde PJC/178/2025, DE 25 de febreiro, pola que se desenvolve ás normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección cese de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2025.

TERCEIRO.- Publicar no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), dita resolución, segundo o establecido na Resolución do 03 de decembro de 2025 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se fai pública a adxudicación de prazas do proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local, escala básica, categoría de policía, convocada pola orde do 26 de xuño de 2025.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución ao interesado, a Academia Galega de Seguridade Pública, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e ao Inspector Principal da Policía Local.

Mándoo e asínoo en Viveiro. Ante min, a secretaria xeral, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D.^a María Luz Balsa Rábade

Viveiro, 22 de decembro de 2025.- A alcaldesa, D.^a María Carmen Gueimunde González.

R. 0054

Anuncio

MARTIN VALE COBO, Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L.

Visto o Acordo de aprobación da oferta de emprego público en virtude da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de data 23 de maio de 2022.

Visto o acordo do Consello de Administración, celebrada o día 14 de decembro de 2022 na que se aprobou por unanimidade a aprobación da proposta das bases xerais que regulan os procesos selectivos, así mesmo a publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves, 22 de decembro de 2022 Núm.291, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas polo Consello de Administración da Sociedade Municipal "Aparcamientos A Mariña S.L", en Viveiro a 14 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de persoal laboral fixo na Sociedade Municipal "Aparcamientos A Mariña S.L." (Centro Especial De Emprego De Galicia 47- Gz) incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022-Taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do xoves, 22 de decembro de 2022, DOG Núm. 242, publicase o anuncio do extracto da convocatoria, bases xerais e bases específicas que regulan o proceso selectivo para o ingreso nas prazas de persoal laboral fixo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do sábado, 31 de decembro de 2023, Núm. 314, publicase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan cinco prazas de “AXENTE”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso como persoal laboral fixo de Aparcamientos A Mariña S.L. (Centro Especial de Emprego de Galicia 47-GZ) e en virtude do Acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público ao abeiro da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de cinco prazas de “AXENTE” persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 5 de febreiro de 2025 Núm. 29, publícase o acordo do Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L. aceptando a proposta do tribunal, que di:“(…) **ACORDA:**

“**PRIMEIRO.-** Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta do Tribunal a favor de **DON ROBERTO MANUEL RODRÍGUEZ DOCAMPO, DON ELOY GARCÍA FERNÁNDEZ, DON ALFONSO MARTÍNEZ LÓPEZ, DON CONSTANTINO FERNÁNDEZ FRANCO e DON FRANCISCO MANUEL MARIÑO CANDIA,** como **aspirantes seleccionados**, para ocupar en propiedade a praza vacante “AXENTE”, como persoal laboral fixo.

De conformidade co disposto na base 15, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de 20 (vinte) días hábiles contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, a documentación establecida na base 15.1, que di:

“O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

a) Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.

b) Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

c) Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

d) Copia da tarxeta da Seguridade Social.

e) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato temporal ou para o abono da nómina...”

Tendo en conta que, ao respecto dun dos aspirantes seleccionados para ser nomeado, ditouse acordo en data 18 de febreiro de 2025, acordando suspender o prazo de presentación da documentación establecida na base xeral 15.1, por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto do aspirante D. Francisco Manuel Mariño Candia, quedando en consecuencia suspendido o prazo para o seu nomeamento e posterior toma de posesión en tanto concorra a causa de suspensión. Comprobada a concorrencia da causa de suspensión dende o inicio do prazo de presentación da documentación, este prazo reiniciarase na súa totalidade no momento no que deixe de concorrer a causa que motivou a suspensión, comezando nese momento o cómputo do prazo de 20 días hábiles previsto na base xeral 15.1.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 21 de febreiro de 2025, publicase acordo sinalando que se realizará o nomeamento referente a esta praza unha vez reiniciado o prazo suspendido de presentación da documentación establecida na base xeral 15.1 por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto do aspirante D. Francisco Manuel Mariño Candia e presentada polo aspirante seleccionado a totalidade da documentación prevista na referida base. En caso de que unha vez reanudado o prazo non se presente a referida documentación, deberá seguirse a tramitación establecida na base xeral 15.4, ao respecto desa praza vacante.

Tendo en conta que consta nesta empresa a finalización da causa de suspensión de D. Francisco Manuel Mariño Candia.

Tendo en conta que D. Francisco Manuel Mariño Candia, presenta no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro a documentación establecida no punto 15.1 das bases xerais.

Visto o disposto na base xeral 16 o Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña SL, acordará definitivamente o proceso selectivo no prazo máximo de un mes dende a data límite para a presentación da documentación previa nomeando como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade unha das prazas vacantes “**AXENTE**” na Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L.

ACORDO

PRIMEIRO.- Finalizar o procedemento selectivo acordando nomear a **D. Francisco Manuel Mariño Candia**, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade unha das **cinco prazas** vacantes “**AXENTE**” na Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L.

SEGUNDO.- O prazo de formalización de contrato será de 3 días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia, de conformidade co disposto na base xeral 17.1.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución ao interesado, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Viveiro, 16 de xaneiro de 2026.- O presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal “APARCAMIENTOS A MARIÑA S.L.”, D. Martín Vale Cobo.

R. 0109